



Mat[R]iz

Ivan Vilela & Pablo Castaño

O encontro de Ivan Vilela, virtuoso da viola de dez cordas –viola caipira ou aínda viola brasileira– e un dos artistas máis influentes da música instrumental brasileira, con Pablo Castaño, nome referencial do novo jazz galego, revélasenos en Mat[R]iz (aCentral Folque, 2022), unha das principais novidades no panorama discográfico galego do ano.

A dupla achega o seu toque persoal e orixinal ás músicas do mundo transitando con naturalidade nas súas creacións entre os contextos erudito e popular, a improvisación do jazz, o feitizo dos ritmos da música brasileira e o lirismo enérxico do canto popular galego.

A suavidade e destreza destes músicos mergulla ao público nunha atmosfera de espiritualismo sonoro onde se suceden melodías con sabor poético comprometidas coas sonoridades tradicionais. Facendo confluír dúas tímbricas infrecuentes, ofrecen versatilidade, dinámica interpretativa e variacións estéticas dotadas dunha sorprendente cohesión. Esta mestura de sons contemporáneos e rescate da tradición vese reforzada coa colaboración especial das poderosas e cálidas voces de Felisa Segade e Gabi Reboredo.



Ivan Vilela (Minas Gerais, 1962) é un compositor, arranxista, pesquisador, profesor e violero brasileiro. Entre traballos solos e colectivos ten máis de 18 álbums lanzados dos cales se destacan os instrumentais *Paisagens*, *Dez Cordas* e *Do Corpo a Raiz*, que levaron a viola brasileira a un novo horizonte de composición e execución. Desde 1996 é reclamado con asiduidade por festivais europeos de Alemaña, Francia, Portugal, Italia, Inglaterra ou España. Foi recoñecido con importantes galardóns musicais como o Premio da Música Brasileira 2011, o Premio IBAC de Cultura Brasileira 2009, o Premio Rival BR de Música Popular Brasileira 2005, a Medalla Carlos Gomes 2002 ou o Premio Sharp Revelação Instrumental en 1999 polo seu CD *Paisagens*. Mestre en composición musical pola Unicamp e doutor en Psicoloxía Social é actualmente profesor de viola na Universidade de São Paulo.

Pablo Castaño (Padrón, 1976) é titulado superior en saxo polo Conservatorio de Santiago de Compostela e diplomado en Educación Musical pola USC. No 2007 obtivo o BFA en Jazz Performance na New School University (NYC) e residiu como músico freelance na cidade de New York. Traballaría de *sideman* en concertos e gravacións con Tom Abbott, Stan Rubin, José James, Eyal Vilner, Wade Burnes, Bobby Sanabria, Woogie Lee, Art Lillard, Youngmin You e Félix Endico entre outros. Xa de volta na Galiza colabora regularmente con Xacobe Martínez, Marcos Pin, Abe Rábade, Iago Fernández, Yago Vázquez ou Marcelino Galán e lidera o seu propio septeto e trío. Participa na xira e gravación da *Descarga ao Vivo Cuba-Galiza* (aCentral Folque, 2009) e forma parte do elenco de músicos de *A ópera dos 3 réas* do CDG. Ademais exerce a docencia no Conservatorio de Grado Medio de Ribeira, na Escola Estudio e imparte regularmente *master class* e seminarios de jazz. En *A-la-láa* (aCentral Folque, 2018), o seu primeiro disco como *leadership*, explora desde a linguaxe do jazz as melodías e modos do alalá, xénero fundamental da música patrimonial galega.